



**RESOLUCIÓN DO 13 DE FEBREIRO DE 2012 DA SECRETARÍA XERAL DE
UNIVERSIDADES POLA QUE SE DISPÓN A PUBLICIDADE DO ACORDO DA COMISIÓN DE
SEGUIMIENTO DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA A VALORACIÓN DE EXPEDIENTES
ACADÉMICOS**

A publicación e entrada en vigor o 30 de setembro de 2011 da *Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos* (en adiante Protocolo de Notas Medias) fai xurdir algunhas dúbidas de execución que a Comisión de Seguimento do convenio, considera que é necesario pronunciarse para unha aplicación uniforme no Sistema Universitario de Galicia.

Para estes efectos a Comisión de seguimento contemplada no punto 5 do Protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, reunida na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con data do 13 de febreiro de 2012, adopta as decisións oportunas para a aplicación uniforme de determinados aspectos do citado Protocolo.

Sendo necesario que estas decisións sexan coñecidas pola comunidade universitaria, procede facer públicas as mesmas polas universidades do Sistema Universitario de Galicia,

Na súa virtude dispoño,

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo darán publicidade aos acordos adoptados pola Comisión de Seguimento sobre a interpretación de



diversos aspectos do protocolo *de colaboración subscrito entre a Consellería e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos*, que figuran como anexo da presente Resolución.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2012



José Alberto Díez de Castro
Secretario Xeral de Universidades

ANEXO

1.- ACCESO A SEGUNDOS CICLOS

a.- Dentro do protocolo defínese a obriga de calcular a nota media dun alumno que está cursando unha titulación de 1º e 2º ciclo pero con acceso ó 2º ciclo, a partir da nota media do título que lle permite este acceso, ponderada pola nota media das materias cursadas no 2º ciclo.

O problema co que se atopan as universidades do SUG é que non dispoñen dos datos para poder calcular a nota media do título de acceso. Conseguir esta información suporía pedirlle a todos os alumnos (titulados e non titulados) nesta situación unha certificación académica e despois introducir esa información na aplicación. E nos casos en que se ten calculada esta media o está en base 0-4 polo que non é válida para o novo sistema de cálculo da media.

Por este motivo, acórdase que transitoriamente para titulacións anteriores ao Real Decreto 1393/2007, de non ser posible a inclusión das medias do primeiro ciclo por falta de datos, deberá figurar soamente a media das materias que cursou no 2º ciclo. Neste senso, as certificacións que



se expidan deberán indicar claramente que a nota media se corresponde exclusivamente con este segundo ciclo.

b.- No apartado Segundo, parágrafo segundo do punto 7, refírese á forma de cálculo da media do expediente académico no caso de alumnos que cursen un segundo ciclo procedentes doutra titulación, se o primeiro ciclo era dun plan de estudos non estruturado en créditos. O coeficiente de ponderación correspóndese cos *“créditos que resulten de facer a conversión das horas das materias superadas a créditos”*.

Isto supón un cambio con respecto ao anterior, pois antes utilizábanse sempre 180 créditos para o primeiro ciclo. O problema está en que, en moitos casos, non se ten información nas certificacións académicas do número de horas das materias superadas.

Por este motivo acórdase que, se no primeiro ciclo do plan de estudos non estruturado en créditos non se ten a información para poder realizar a conversión en horas, tomarase como referencia o criterio de 180 créditos.

2.- CURSOS PONTE

A diferenza do punto anterior, as universidades do SUG deberán conseguir as certificacións académicas que permitan introducir a nota media do título que lle habilita para cursar o curso ponte nos expedientes. Desta forma a media calcularíase segundo o protocolo definido: Ponderación da media de acceso coa media das asignaturas cursadas.

3.- CALCULO DA MEDIA DA PROMOCIÓN

Algúns problemas dificultan poder obter un ránking de alumnos dunha promoción e farían que as universidades se atopen co problema de que unha vez xerado o ránking, teñan que introducir un alumno que non estaba por algún dos problemas anteriores. Isto modificaría o ránking co conseguinte problema dos alumnos que xa solicitaran una acreditación da súa posición académica.

Por este motivo acordan os seguinte sistema de cálculo do ránking:



a.- Titulacións anteriores ao Real Decreto 1393/2007

Cada promoción será referencia utilizando o concepto de curso académico. Para incluír un alumno dentro da promoción utilizarase a data de depósito do título como dato discriminatorio da promoción á que pertence o alumno.

Os alumnos incluídos nunha promoción serán os alumnos que realicen o pago do depósito de título entre dúas datas. Estas datas serán entre o 1 de decembro e o 30 de novembro do ano seguinte.

b.- Titulacións posteriores ao Real Decreto 1393/2007

Neste suposto utilizarase a data de remate dos estudos, que para estes efectos será a data da acta do último acto da titulación: a data do Traballo de Fin de Grao ou de Fin de Master.

Un alumno soamente poderá figurar nun ránking, aínda que con posterioridade á data de depósito de título supere outra especialidade.

No caso de empate entre dous ou mais alumnos o criterio de desempate será o do alumno/a que teña un número maior de matrículas de honra, de persistir o empate terá preferencia sucesivamente o número de sobresaíntes, e así sucesivamente co resto das cualificacións.

O resultado do ranking só se poderá expedir aos alumnos de titulacións estruturadas en créditos ou en ECTS e sempre a partir da entrada en vigor do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, xa que o seu artigo 5 é o que regula este tipo de media. Exceptúase deste criterio as titulacións de Dereito da UDC e de Arquitectura Técnica da UDC.

O dato do ranqueado non figurará na certificación ordinaria e só se fará a petición do interesado como documento informativo e non como certificación para evitar responsabilidades xurídicas.

A información facilitada indicará o número do alumno na promoción e o número total computado (por exemplo 7 de 10), así como a media da promoción.

O texto será:

D/dona....., en calidade de..... informa que de conformidade cos datos que figuran nesta Universidade e de acordo os criterios fixados D./dona..... alumno/a da Titulación Oficial de..... figura no posto..... dos alumnos da súa promoción, sendo a nota media da promoción a de..... calculada conforme do Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro e do Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de



Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos

Tamén se podería realizar unha acreditación automatizada asinada con selo de órgano.

Para efectos de realizar o ránking os cursos pontes se consideran como un título independente (co seu propio ránking) por ter só a duración dun curso.